



CINE



IES A PONTEPEDRIÑA


R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL 2013



*Agasalla
libros polo
Nadal*

1º e 2º da ESO

3º e 4º da ESO

1º e 2º de BAC





Un desafortunado pero maravilloso incidente. M. Bates.

Mackenzie pasou a súa vida escondéndose, tratando de non destacar demasiado. No instituto Smith é a típica moza na que a xente só se fixa cando necesita axuda cos deberes. Claro, ata que un desafortunado incidente cun dos mozos máis populares da súa clase é gravado en vídeo e todo o instituto o ve a través de Youtube.

Las crónicas de Widwood. C. Melody.

Unha historia fascinante chea de perigos e maxia nun mundo onde se mesturan fantasía e realidade. Prue ten unha vida moi normal ata que o seu irmán pequeno é secuestrado por unha bandada de corvos. Así comeza unha aventura que o levará xunto co seu amigo Curtis ás profundidades do bosque intransitable. Descubrirán un mundo secreto, cheo de criaturas enfrontadas, seres sobrenaturais e poderosos personaxes dun universo paralelo.




La pastelería Bliss. K. Littlewood.

Todos os habitantes de Fonte Calamidades adoran a pastelería Bliss, e fano por unha sinxela razón: as receitas de todos os seus produtos son máximas e proveñen dun poderoso libro que estivo na familia durante anos. De feito, o primeiro Bliss en utilizar o libro é responsable de facer un pastel de chocolate sen fariña que acabou coa Idade Media.

El atlas de las nubes. David Mitchell.

Ler este libro é coma facer un puzzle; a súa narración con "efecto espello" é francamente orixinal. Está composto por seis relatos independentes pero relacionados entre si, que nos van levar dende o século XIX ata un futuro apocalíptico. David Mitchell, é un visionario posmoderno que se move con mestría por unha diversidade de estilos e sabe combinar á perfección os ingredientes básicos da novela de aventuras.



La isla de Bowen. César Mallorquí.

Premio Edebé de literatura Xuvenil 2012. Todo comezou co asasinato do mariñeiro inglés Jeremiah Perkins en Havoysund, un pequeno porto noruegués situado no Ártico, e co misterioso paquete que, antes de morrer, Perkins enviou a Lady Elisabeth Faraday. Ou se cadra a historia comezase antes, cando se descubriron unhas estrañas reliquias no interior dunha vellísima cripta medieval.


Los tres secretos del samurai. Blanca Alvarez.

Ambientada no Xapón do século XVIII, Os tres secretos do samurai conta a historia de Tomiko, quen, sendo a penas unha adolescente, marcha da súa casa co propósito de librar a súa irmá pequena dun matrimonio de conveniencia cun home aborrecible. No seu camiño, a rapariga atopa a seres máxicos que se ofrecen a axudala, aínda que a cambio dun alto prezo.



Demasiada felicidad. Alice Munro.

Unha nai recibe consolo inesperado pola morte dos seus tres fillos, outra reacciona de forma insólita ante a humillación á que a somete un home; Sophia Kovalevsky, unha matemática rusa no seu longo percorrido na procura dunha universidade que admitise a mulleres como profesoras.



Filosofía para dummies. Martín Cohen

Que é a filosofía? Mergúllate na ciencia das ideas e pon o teu chapeo de pensar. Ah, agora o entendo todo! Comprende as ideas clave que trataron os principais filósofos e goza cos seus textos. Partidos de esquerdas, de dereitas, de centro e de nada; un chisco de filosofía política para que atopes a lóxica (ou a incoherencia) dos programas políticos.

El cielo ha vuelto. Clara Sánchez.

Premio Planeta de Novela 2013. Pode unha persoa que se cruza ao chou na nosa vida dicirnos algo que nos deixe pegada para sempre? Patricia é unha modelo nova de pasarela cuxa vida parece marcada polo éxito. Nun voo de traballo coñece a Viviana, a súa compañeira de asento, que lle advirte que alguén da súa contorna desexa a súa morte.

